

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 880 /2010, DO 16 DE DECEMBRO.

Mediante Resolución de Alcaldía nº803/2010 do 15 de novembro aprobáronse as bases para a selección de alumnos traballadores e persoal para o obradoiro de emprego “ Escola de Vela Costa da Morte- Fase II” e na que se ordeou as correspondentes ofertas de emprego público á Oficina de Emprego de Carballo.

Visto que os candidatos a director, titor, mestre en formación empresarial, mestre albanel, mestre carpinteiro e auxiliar administrativo foron convocados os días 29 e 30 de novembro para a realización da entrevista e a entrega de documentación para ser valorada polo grupo de traballo mixto nomeado pola Consellería de Traballo e Benestar e polo Concello de Cabana de Bergantiños.

Vista a proposta formulada polo Grupo de Traballo Mixto da valoración dos méritos acreditados polas aspirantes e a valoración da adecuación ao posto de traballo, para a contratación do equipo directivo, persoal docente e de apoio para o Obradoiro de Emprego “Escola de Vela Costa da Morte-Fase II” e na que consta que foron seleccionados como aspirantes idóneos,

DNI	APELIDOS E NOME	POSTO DE TRABALLO
46.916.607-B	SEÑARÍS CASTRO, ESTRELLA M ^a	DIRECTORA
52.430.048-F	CASTRO CAAMAÑO, M ^a PILAR	TITORA
79.332.236-S	POSE GARCÍA, PALOMA M ^a	MESTRA FORMACION EMPRESARIAL
76.321.547-A	CASTIÑEIRA ANDREA, JESÚS	MESTRE ALBANEL
76.356.222-V	PUENTE GARCÍA, JESÚS	MESTRE CARPINTEIRO
32.769.253-A	POSE ANIDO, M ^a REMEDIOS	AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Visto pois que os aspirantes seleccionados , presentaron en tempo e forma a documentación esixida aprobada por resolución de Alcaldía, do 15 de novembro en base ás competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Nomear as persoas relacionadas anteriormente como equipo directivo, persoal docente e de apoio do obradoiro de emprego “ Escola de Vela Costa da Morte- Fase II” deste concello, por tempo dun ano a contar dende a data de sinatura do contrato, baixo a modalidade contractual de “ contrato por obra ou servizo determinado”, todo elo consonte coas bases de selección.

SEGUNDO.- Sen perxuízo das súas designacións no día de hoxe os traballadores nomeados comezarán a prestar os seus servizos na data que se determine no seu contrato.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios deste Concello e na web do Concello.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o dezaseis de decembro dous mil dez, diante de min, o Secretario, que dou fe e certifico.

O Alcalde,
Asdo.: Jose Muíño Domínguez

O Secretario
Asdo.: Federico Suárez Cancelo.